



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 402/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Sesión extraordinaria e urxente do 7 de agosto de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
M^a José Caride Estévez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día sete de agosto de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria, a concelleira Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña,

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(849).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(850).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE ARRENDAMENTO DE CAFETERÍA NO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5587/106.

Visto o informe de fiscalización do 03/08/18, dáse conta do informe-proposta do 13/07/18, asinado pola técnica de Admon. Xeral do servizo de Comercio, polo xefe do servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de área:

“ANTECEDENTES

1.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015 adxudicouse á Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, CIF.-G36664027 a concesión de dominio dos espazos non adxudicados existentes no mercado, conforme ao Pregos de Prescricións Técnicas e de Cláusulas Administrativas Particulares aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada, formalizándose o contrato en data 30/06/2015.

Na devandita formalización se establece que o contrato dará comezo o 1 de xullo de 2015 e terá unha duración de vintecinco (25) anos improrrogables, contados dende o 1 de xullo de 2015.

2.- A Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo presentou con data de entrada no Rexistro Xeral do 31/03/2017 (doc 170047448) escrito solicitando autorización para o arrendamento de local destinado a cafetería ao respecto da mercantil MAIS QUE MILLO PROGRESO SL con CIF nº B27835149 achegando con data 17/04/2018 copia do contrato de aluguer coa mesma.

3.- Con data de entrada no Rexistro Xeral 27/04/2018, D. Lucio Penín Fernández, en nome e representación de MAIS QUE MILLO PROGRESO SL, presenta declaración responsable segundo modelo anexo ao Prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de febreiro de 2014, escritura de compra-venta de participacións socias de data 16 de xaneiro de 2017, acta de manifestacións sobre a titularidade real da devandita mercantil nº29 de data 16/01/2017, certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT e contrato de arrendamento de data 23/01/2017.

4.- En data 22 de xuño de 2018, o enxeñeiro industrial da Xerencia Municipal de Urbanismo informa o seguinte:

“ En relación coa COMUNICACIÓN PREVIA, achegada en data 14/06/2017, para a realización de OBRAS DE ADAPTACIÓN para ACTIVIDADE de RESTAURANTE no local situado en PROGRESO (RU) 28 (MERCADO) plta 2, infórmolle que non reúne os requisitos esixidos pola normativa vixente nos seguintes aspectos:

O proxecto técnico aportado se aprecia incompleto nos seguintes aspectos:

- * Plano da zona de público do local acoutada e recollendo a distribución de mobiliario.*
- * Plano xustificativo das condicións de accesibilidade do local e especialmente dos aseos.*
- * Deberá constar en planos a instalación de extinción automática das campás extractoras e indicando especialmente a súa zona de cobertura.*
- * Plano de cuberta xustificando a cheminea de extracción de fumes de cociña e situando a unidade exterior de climatización.*
- * Planos de alzados das fachadas.*
- * Deberá xustificar a ocupación do local segundo criterios do CTE DB-SI, considerando a ocupación da zona interior do local denominada “zona de acceso”. (No seu caso deberá considerarse a maior ocupación que puidera resultar da distribución de asentos da zona de público do local).*



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 402/1102

** Relación de maquinaria do local, indicando número de unidades de cada tipo, e as potencias de cada elemento expresada de forma desagregada en CV para motores, KW para resto de consumos eléctricos e Kcal/h para os equipos alimentados a gas.*

** Deberá completar o estudo xustificativo da ordenanza municipal sobre rúidos segundo o contido requirido nos artigos 11 e 15. Especialmente deberá xustificar o nivel sonoro reverberado do local, cálculo xustificativo do illamento acústico mixto do teito/cuberta do local considerando os seus lucernarios, niveles sonoros transmitidos as actividades lindeiras e as zonas comúns do mercado, niveles sonoros transmitidos ao exterior polas unidades de extracción e climatización, etc. A unidade exterior de climatización situada en cuberta non poderá superar o nivel sonoro máximo permitido en cuberta en horario nocturno de 40dBA.*

NOTA:

Mediante esta Comunicación Previa presentase nova CP xunto cun novo proxecto reformado refundido

que modifica substancialmente as condición do proxecto aportado na C.P. de obras de adaptación expte. 90565/421 presentada con anterioridade.

Así mesmo con posterioridade presentan Comunicación Previa de Inicio de Actividade expte. 44952/422 en data 07/07/2017 relativa a este expte 92792/421”.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP).,
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas. (LPAP)
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.(RBEL)
- Prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014, que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión integral do servizo público de mercado no “Mercado Municipal do Progreso” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas e os seus anexos, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014. (PPT)

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.(LPACAP)

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil).

Consonte ao artigo 115 do TRLCSP, nos pregos de cláusulas administrativas particulares se incluírán os pactos e condicións definitivas dos dereitos e obrigas das partes do contrato e as demais mencións requiridas por esta lei e as súas normas de desenvolvemento, sinalando que a súa aprobación corresponde ao órgano de contratación.

2.- No presente suposto, os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e os Pregos de prescricións técnicas (PPT) aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014, con respecto á cesión ou arrendamento do espazo reservado á cafetería establecen a seguinte regulación:

- O uso privativo en concesión de dominio público dos espazos reservados a supermercado e cafetería (Cláusula 1).

- A obtención do adxudicatario dunha concesión administrativa de dominio público respecto das superficies destinadas a “supermercado” e “cafetería” existentes no Mercado do Progreso por un período de vinte e cinco anos, idéntico ao prazo de duración do concerto, que implicará, previa autorización expresa do órgano de contratación, a cesión da concesión ou o arrendamento de ditas superficies a empresas especializadas o obxecto de que nelas se presten as actividades mencionadas nos termos que se establecen no PPTP, no ANEXO VI ó presente e nas instrucións que se diten.(Cláusula 4.1.c).

- A posibilidade do adxudicatario, titular das concesións de dominio do espazo destinado a cafetería, da súa cesión ou arrendamento co exclusivo fin de que nel se preste a devandita actividade, cesión ou arrendamento que non poderá ser superior o que medie entre a data do mesmo e a conclusión do prazo concesional. (Cláusula 26 e Cláusula IV do Anexo VI)

- O cesionario ou arrendatario declarará que coñece e acepta as condicións que concorren na concesión en canto poida afectarlle. (Cláusula 26 e Cláusula IV do Anexo VI)

- En todo caso, o concesionario será responsable único ante o Concello de Vigo en todo momento do establecido no PCAP, no PPTP e no contrato concesional. (Cláusula 26 e Cláusula IV do Anexo VI)

- Con respecto ao réxime económico dos locais destinados a supermercado e cafetería se dispón no artigo 5 do PPT o seguinte:

“1. O adxudicatario, de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas, deberá ceder ou arrendar a terceiros para a súa explotación os locais destinados a supermercado e cafetería por un período de tempo non superior ó de duración do concerto.

2. Os contratos de cesión ou arrendamento que no seu caso se formalicen e as súas modificacións serán en todo caso depositados no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito e sempre e cando nos mesmos se manifeste



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 402/1102

expresamente polo cesionario ou arrendatario que coñece e acepta o contido da documentación que se indica na cláusula 3.4 do PCAP.

3. De se producir a resolución anticipada do concerto e dándose as condicións do apartado anterior, o Concello subrogarase nos citados contratos, sempre que na dita resolución non teña intervido actuación do cesionario ou arrendatario que, con culpa ou dolo, fose causa ou coadxuvase á dita resolución, que o contrato fose antieconómico ou que fose depositado unha vez producidas as circunstancias que motivan a dita resolución.

4. Para desenvolver as actividades a que fai referencia o presente artigo, deberán ser solicitadas e obtidas as correspondentes licenzas ou autorizacións de obras e/ou actividade esixidas pola normativa urbanística.

5. O adxudicatario deberá aboar no mes de xaneiro o importe do canon por él ofertado en función dos ingresos obtidos, lve excluído, pola cesión ou arrendamento dos espazos destinados a supermercado e cafetería no exercicio inmediatamente anterior nos termos indicados no artigo 7 do presente. “

Á vista do exposto e, toda vez que no expediente consta toda a documentación requerida nos Pregos de cláusulas administrativas particulares e nos Pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014, procede autorizar o arrendamento á mercantil Máis Que Millo Progreso S L, da cafetería situada no 2º andar do Mercado do Progreso, ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión de dominio.

Advertir que, as obras de adaptación, reparación e mellora, serán por conta exclusiva do concesionario e, se require a presentación previa dunha memoria ou proxecto para a súa aprobación polo Concello, elo sen perxuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas, que deberá obter previamente e á súa costa.

A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao disposto na cláusula 4.1.c) do PCAP aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014 e na disposición adicional segunda do TRLCSP.

CONCLUSIÓN

En mérito ao que antecede, propónse á **Xunta de Goberno Local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Autorizar, de conformidade cos Pregos de cláusulas administrativas particulares e os Pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de

Goberno Local en data 07/02/2014, o arrendamento á mercantil Más Que Millo Progreso SL, da cafetería situada no 2º andar do Mercado do Progreso, ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión de dominio dos espazos non adxudicados, existentes no mercado adxudicada á Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015.

Segundo.- *Advertir que, as obras de adaptación, reparación e mellora, serán por conta exclusiva do concesionario e, requiren a previa presentación dunha memoria ou proxecto para a súa aprobación polo Concello, elo sen perxuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas, que deberá obter previamente e á súa costa.*

Terceiro.- *Notificar aos interesados advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(851).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO E SUBMINISTROS DA ILUMINACIÓN DECORATIVA DA CIDADE NA CAMPAÑA DE NADAL. EXPTE. 5480/106.

Dáse conta do informe-proposta do 06/08/18, da secretaria da Mesa de Contratación:

“10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 402/1102

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	89,02 puntos
CREACIONES LUMINOSAS, S.L.	83,00 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP (“*documentación expedida pola Delegación de Industria de estar en posesión do Certificado de Empresa Instaladora de equipos e instalacións eléctricas*”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(852).- CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE O PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DA INSTALACIÓN DE ELEMENTOS VEXETAIS E NON VEXETAIS PARA A DECORACIÓN DAS CAMPAÑAS DO NADAL E AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS. EXPTE. 5481/106.

Dáse conta do informe-proposta do 03/08/18, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área:

“I.- Antecedentes

Primeiro.- En data 10 de xullo de 2018 a Xunta de Goberno local (XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do contrato mixto de subministración e servizo para a instalación, iluminación, mantemento, reposición, conservación, transporte, carga, descarga dos elementos decorativos nas rúas e espazos públicos en zonas comerciais da cidade

durante as campañas do Nadal, así como a redacción do proxecto decorativo de ornamentación da segunda e sucesivas anualidades, por procedemento aberto (expediente nº 5481-106).

Segundo.- En data 19 de xullo de 2018 publicouse o anuncio de licitación do citado procedemento no Diario Oficial da UE e o día 20, no perfil do contratante do Concello aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, rematando o prazo de presentación de ofertas o día 13 de agosto de 2018.

Terceiro.- En data 1 de agosto, o xefe de área de Servizos Xerais, pon de manifesto un erro material no importe do lote 1 e no IVE correspondente ao mesmo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No caso que nos ocupa detectouse un erro no prezo do lote 1 consignado no PCAP, e no IVE do mesmo.

Tal e como informa o servizo xestor en data 1 de agosto:

“Revisado o expediente número 5481/106 de contratación para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración das Campañas do Nadal, detectouse un erro no importe de licitación do LOTE 1 da memoria xustificativa (páxina 2, apartado 1.2, Lote núm. 1). Así, na memoria xustificativa establécese o seguinte:

“LOTE nº 1 de nove actuacións identificadas no proxecto decorativo ao longo da rúa Príncipe e rúas aledañas dando cunha continuidade ornamental ao conxunto polo importe de 144.457,99 € (que inclúe un IVE de 25.069,83 €)”.

E debe substituíse polo seguinte parágrafo:

“LOTE nº 1 de nove actuacións identificadas no proxecto decorativo ao longo da rúa Príncipe e rúas aledañas dando cunha continuidade ornamental ao conxunto polo importe de 144.459,67 € (que inclúe un IVE de 25.071,51 €)”.

Se ben tratase dun erro material, o mesmo implica a modificación do prego mentres está aberto o prazo de presentación de ofertas.

A LCSP prevé a posible modificación dos pregos no artigo 136 ao regular o prazo de presentación de ofertas.

Contempla este precepto a necesaria ampliación dos prazos de presentación de ofertas no caso en que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación.

E considera modificacións significativas dos pregos as que afecten os seguintes aspectos:

- a) A clasificación requirida.
- b) O importe e o prazo del contrato.
- c) As obrigas do adxudicatario.
- d) O cambio o variación do obxecto do contrato.



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 402/1102

En consecuencia, a modificación do prezo do lote 1 considerase unha modificación significativa do prego.

Respecto da duración da prórroga, o artigo 136.2 non fixa un prazo concreto, limitase a indicar que esta será proporcional á importancia da información solicitada polo interesado. Dado que neste caso ningún licitador solicitou información adicional, parece suficiente ampliar o prazo de presentación de ofertas en catro días naturais, rematando o día 17 de agosto, prazo que se considera proporcional á importancia do problema xurdido.

Segundo.- A competencia, tanto para modificar o modelo de proposición como para a ampliación do prazo correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa cualidade de órgano de contratación (DA 2ª LCSP).

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o apartado 3.F da Folla de especificacións do contrato do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do contrato mixto de subministración e servizo para a instalación, iluminación, mantemento, reposición, conservación, transporte, carga, descarga dos elementos decorativos nas rúas e espazos públicos en zonas comerciais da cidade durante as campañas do Nadal, así como a redacción do proxecto decorativo de ornamentación da segunda e sucesivas anualidades:

Onde di:

F) DOTACIÓN POR LOTES (con IVE):

- Lote 1:144.457,99 euros/ano*

deberá substituírse por:

F) DOTACIÓN POR LOTES (con IVE):

- Lote 1:144.459,67 euros/ano*

2º.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas do citado procedemento en catro días naturais.

3º.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(853).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 4799/440.

Dáse conta do informe-proposta do 02/08/18, da secretaria da Mesa de Contratación:

“PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN

“b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestuario para o persoal municipal (4.799-440)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xullo de 2018, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o umbral do 50% da puntuación máxima no criterio de xuízo de valor, cuantificado en 50 puntos, previsto no apartado 9.A.2 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares:

- LOTE nº 1: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOTE nº 3: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOTE nº 4: DANNERBOOTS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento procedemento aberto para a contratación do subministro de vestuario para o persoal municipal (4.799-440) na seguinte orde descendente:

LOTE Nº 1 “Calzado”:

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 402/1102

LOTE Nº 2 “Prendas ou elementos de uniformidade xeral”:

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 3 “Roupa de traballo coa condición de EPIS”:

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 4 “Prendas ou elementos da uniformidade específica do servizo de Policía local”:

Licitador	Puntuación total
SAGRES, S.L.	100

Terceiro.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lotes 1, 2 e 3) e SAGRES, S.L. (lote4), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir aos citados licitadores o aboamento de 1.791,17 euros (447,80 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(854).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 3994/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16/07/18 e o informe de fiscalización do 03/08/18, dáse conta do informe-proposta do 10/07/18, da enxeñeira técnica industrial de Servizos Xerais, conformado polo xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario, pola xefa do servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

Primeiro.- En data 6 xullo de 2017, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación para a reposición dun ascensor no edificio da Casa do Concello. Expte. 3994/440., os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas particulares, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión ordinaria de data 26 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a SCHINDLER, S.A., o procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 72.358,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.558,00 euros.*
- b) Propón unha ampliación do prazo de garantía e mantemento de 18 mees enteiros, respecto do mínimo de 24 meses.*
- c) Propón como mellora a renovación interior (excepto o chan e demais aspectos incluídos nos apartados 1 e 2 do PPT) dos dous ascensores existentes coa mesma estética que o novo, valorada en 1.210 euros (IVE incluído).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 8 de febreiro de 2018, entre outros asuntos acordou:

“Aprobar o proxecto de execución de obra “RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Técnico Facultativo D. José Manuel Garabatos Freiría, cun orzamento (IVE engadido) de SETENTA E DOUS MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS (72.358,00 EUROS) e data 23 de xaneiro “.

Cuarto.- O 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, en data 14 de febreiro de 2018, resolveu:

“Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de “Renovación dun ascensor da casa consistorial do Concello de Vigo” (Expte 3994/440) á Enxeñeira Técnica Industrial Municipal, Dª SUSANA GONZÁLEZ RAMÍREZ e á Enxeñeira Industrial Municipal Dª CRISTINA TAPIAS BOUSO.”

Quinto.- Con data 23 de febreiro de 2018 fírmase a ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO, dando comezo as obras ao día seguinte.



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 402/1102

Sexto.- En data 25 de abril de 2018 a Enxeñeira Técnica Industrial/ Responsable do contrato maior de obras de renovación dun ascensor na casa consistorial do Concello de Vigo, informa que:

“A Xunta de Goberno Local, na sesión 8 de febreiro de 2018, entre outros asuntos acordou a aprobación do proxecto de execución de obra de “Renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo”, cun orzamento de 72.358,00 € (IVE engadido).

Con data 23 de febreiro de 2018 firmase a acta de comprobación de replanteo, comenzando os traballos o día 26 de febreiro de 2018.

O prazo de execución da obra de acordo co apartado 4.B das FEC e de 13 semanas.

Este contrato ten por obxecto a redacción do proxecto e a obra de posta o día, acondicionamento e demais traballos complementarios necesarios, dun ascensor sito na Casa Consistorial, así como a coordinación con dous ascensores pre-existentes.

Durante a desmontaxe dos elementos existentes do ascensor, detectanse compoñentes interiores en mal estado: ancoraxes, panelados en paredes e teito da estrutura da cabina, que non se tiveron en conta inicialmente dentro do alcance dos traballos recollidos nas cláusulas 1 e 2 do PPTP do contrato, xa que os mesmos non podían ser avaliados previamente sen un desmontaxe do ascensor.

Con data 20 de abril de 2018, en reunión coa empresa SCHINDLER, S.A, esta concreta as necesidades xurdidas durante a desmontaxe mediante a entrega dun documento con fotos no que se aprecia o estado actual dos elementos que deben ser renovados e unha estimación económica.

Ademais, unha vez que se despraza a botoeira do ascensor a renovar, para que cumpra a normativa vixente de accesibilidade, suscitase a posibilidade de colocar panel que integre e cubra o espazo que deixa o actual lugar da botoeira, xa que a mesma esta feita nunha peza única de pedra, polo cal e necesario a colocación deste panel para cubrir todo este espazo. Asemade, considerase conveniente que a botoeira dos ascensores en funcionamento se desprace á medida da outra e se cubra co mesmo material, cuestión tamén necesaria e non recollina no PPTP.

Os elementos que precisan ser renovados e/ou colocados e que non se atopan recollidos nas cláusulas 1 e 2 do PPTP deste contrato nin no orzamento do proxecto aprobado son:

- *Subministro e colocación de paneis de paredes e teito da estrutura da cabina, así como os seus reforzos.*
 - *Traslado de 14 botoeira exteriores dos dous ascensores en funcionamento.*
 - *Subministro e colocación de panel que cubra o espazo entre as botoeiras exteriores nos 28 espazos de todas as plantas.*
- O importe estimado desta obra adicional non supera o límite recollido na cláusula 15.d do Anexo I (F.E.C.) do PCAP do contrato.*

En vista do anterior e tendo en conta a imposibilidade de detectar o estado dos elementos da estrutura da cabina e os seus reforzos, tanto na fase de redacción do PPTP, como na do proxecto, e que agora se propoñen, o cal resulta imprescindible para a seguridade do ascensor renovado e para a colocación da decoración interior, a substitución do panelado interior e os seus reforzos. Por outro lado considerase necesario mellorar a colocación das botoeiras actuais para mellorar a accesibilidade dos ascensores en funcionamento e a uniformidade do aspecto exterior das botoeiras exteriores cun panel que cubra o espazo entre a colocación da nova e a anterior botoeira.”

Sétimo.- En sesión ordinaria do 3 de maio de 2018 a Xunta de Goberno Local acordou “autorizar o inicio do expediente de modificación do contrato de obras de *renovación DUN ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo*”.

Oitavo.- Con data 3 de maio de 2018 asínase o acta de suspensión temporal da obra debido a que durante a desmontaxe dos elementos existentes do ascensor, detéctanse compoñentes interiores en mal estado: ancoraxes, panelados en paredes e teito da estrutura da cabina, que non se tiveron en conta inicialmente e que precísanse ser substituídos. Para a colocación da decoración interior da cabina é imprescindible esta substitución, polo que non se pode continuar a obra.

Noveno.- En data 1 de xuño de 2018 a Enxeñeira Técnica Industrial / Responsable do contrato, emite informe técnico no seguinte sentido:

“ASUNTO: INFORME DE XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO”.

I-ANTECEDENTES.

1.- A Xunta de Goberno Local con data 26 de outubro de 2017 en sesión ordinaria, adxudica á empresa SCHINDLER S.A., o contrato maior para a “Renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo” (Expdte.: 3994-440), sendo o orzamento da oferta adxudicataria de incluído o IVE de SETENTA E DOUS MIL TRESCENTOS CINCOCENTOS E OITO EUROS– 72.358,00 €, procedéndose a súa formalización o 31 de outubro de 2017. Este contrato ten por obxecto a redacción do proxecto e a obra de posta o



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 402/1102

día, acondicionamento e demais traballos complementarios necesarios, dun ascensor sito na Casa Consistorial, así como a coordinación con os dous ascensores pre-existentes.

2.- Con data 8 de febreiro de 2018 a Xunta de Goberno Local, acordou a aprobación do proxecto de execución de obra de "Renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo" subscrito polo Enxeñeiro Técnico Industrial colexiado nº 4237 D. José Manuel Garabatos Freiría, cun orzamento de 72.358,00 € (IVE engadido), correspondente ao valor do contrato adxudicado.

3.- Con data 14 de febreiro de 2018, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento acorda nomear dirección facultativa da obra á Enxeñeira Técnica Industrial Municipal, D^a SUSANA GONZÁLEZ RAMÍREZ e á Enxeñeira Industrial Municipal D^a CRISTINA TAPIAS BOUSO. Con data 23 de febreiro de 2018 fírmase a ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO, dando comezo as obras ao día seguinte.

4.- Con data 25 de abril de 2018 a Dirección facultativa da obra e Responsable do contrato, solicita ao órgano de contratación autorización de inicio do expediente de modificación do PROXECTO DE RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO, xa que durante a execución das obras detéctanse compoñentes interiores en mal estado: ancoraxes, panelados en paredes e teito da estrutura da cabina, que non estaban descritos no proxecto, que son precisos substituír para a colocación da nova decoración da cabina e polo tanto para poder continuar a obra. Ademais, suscítase o desprazamento da botoeira dos ascensores en funcionamento para cumprir criterios de accesibilidade e da conveniencia de colocar un embelecedor en todas as plantas para cubrir o buraco xerado polo citado desprazamento.

5.- Tendo en conta o exposto no parágrafo anterior, a Xunta de Goberno Local, en data 3 de maio de 2018, acordou: "AUTORIZAR O INICIO DO EXPEDIENTE PARA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO MAIOR DE OBRAS DE RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE.: 3994/440".

O desenrolo da obra contratada e o coñecemento da realidade das especificacións do ámbito de actuación e dos elementos sobre os que se actúa na presente obra, reflicten unha serie de condicionantes que obrigan a xerar novas unidades e ampliar o prazo inicial de execución para conseguir os obxectivos de prestacións establecidos.

Neste sentido, a empresa SHINDLER, S.A. como adxudicataria do contrato no que se inclúe a elaboración do proxecto, na data 31-05-2018 presenta por rexistro o Modificado Nº1 do proxecto, que describe de forma detallada os cambios producidos para adaptar o proxecto vixente á realidade atopada unha vez comezada a obra, e de acordo coas circunstancias descritas no PCAP que rexe a contratación da mesma.

II- MODIFICACIÓNS.

Tralo inicio dos traballos, con data 20 de abril de 2018, en reunión coa empresa SCHINDLER, S.A, se plantean as necesidades xurdidas durante a execución da obra. Concretamente, durante a desmontaxe dos elementos existentes do ascensor, detéctanse

compoñentes interiores en mal estado: ancoraxes, panelados en paredes e teito da estrutura da cabina, que non se tiveron en conta inicialmente dentro do alcance dos traballos recollidos no Proxecto aprobado, xa que os mesmos non podían ser avaliados previamente ao inicio das obras.

Ademais, unha vez que se despraza a botoeira do ascensor a renovar, para que cumpra a normativa vixente de accesibilidade, suscitase a posibilidade de colocar un panel que integre e cubra o espazo que deixa o actual lugar da botoeira e a nova situación. Asemade, considerase conveniente que a botoeira dos ascensores en funcionamento se desprace á medida da outra, para poder cumprir a normativa de accesibilidade nos outros dous ascensores que non son obxecto de renovación e se cubra co mesmo material ca outra.

En relación á xustificación destas modificacións, debemos atender a que no artigo 15.a) das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas se prevé a modificación do contrato. No seu apartado b) se indica como aspectos a modificar:

- “O tipo ou cantidade de elementos do ascensor”.

No seu apartado c) se indica como circunstancias que determinan a modificación:

- “ Existencia dalgunha necesidade ou requisito técnico aconsellable para a mellora da funcionalidade do ascensor, detectada tras a realización do proxecto e durante a desmontaxe dos compoñentes do ascensor, polo cal sexa necesario incorporar algún elemento que non estea previsto dentro dos traballos especificados nos apartados 5 (Subministro e instalación dos compoñentes do ascensor) e 6 (Revisión e comprobación de aliñamento das guías de cabina e do bastidor. Modificación e nova decoración de cabina incluíndo botoeiras interiores) da cláusula 2 do PPT”.

Fixando como limite da modificación o condicionante máximo do 20% do prezo do contrato. O desenvolvemento desta proposta técnica, se enmarca nas circunstancias recollidas no artigo 15.b) e 15.c) das Follas de Especificación do Contrato (FEC), xa que tralo desmontaxe dos compoñentes do ascensor xurde a necesidade de incorporar novas unidades de obra non previstas no proxecto, estas novas unidades incrementarán a base económica inicial do proxecto.

Ademais, a incorporación destas novas unidades de obra suscita a necesidade de ampliación do prazo de execución da mesma.

III- DESGLOSE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO

Nos seguintes puntos descríbense as modificacións por capítulos, tal e como se estrutura o proxecto:

10.01 Refuerzo de paneles y techo de cabina **3.451,00 €**

Suministro e instalación de paramentos forrados con DM de 10 mm de espesor y chapa de acero, compuesto por 3 paramentos verticales de 1600x2000 mm y 1 horizontal de 1600x1600 mm, para refuerzo de paneles y techo de decoración de cabina compuesta por Lacobel en paramentos verticales y acero inox pulido en el techo. Incluye p.p. de anclaje de sujeción de paramentos de refuerzo.



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 402/1102

10.02 Traslado de 14 botoneras exteriores 1.489,35 €

Retirada y traslado de 14 botoneras exteriores de pisos en ascensores en funcionamiento para cumplimiento de normativa de accesibilidad.

10.03 28 Embellecedores de lacobel blanco 2.270.40 €

Suministro e instalación de 28 embellecedores de cristal de lacobel color blanco de 230x1000 mm en botoneras exteriores correspondientes al ascensor objeto de renovación y a los ascensores en funcionamiento. Totalmente instalado con su p.p de elementos y accesorios.

Asemade, queda reflectido no Planning de traballos do Modificado n.º 1 a nova duración da execución dos traballos de 17 semanas, fronte as 12 do Planning de traballos do Proxecto, o que supón un incremento de 5 semanas no prazo inicial

IV- CONCLUSIÓNS.

As citadas modificacións, propostas no presente Modificado n.º 1 das obras de "RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO", estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público e que as mesmas se atopan contempladas nos ámbitos do definido no apartado 15.b das FEC, tal como se define no presente informe. Así mesmo, considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se suscitan non alteran as condicións esenciais de adjudicación e de licitación, recollidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación da obra de RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO".

Para a creación dos prezos contraditorios recollidos no presente proxecto modificado nº 1, tomáronse os prezos referidos á data de licitación do contrato.

As modificacións propostas neste expediente, en base ao exposto anteriormente, cuantitativamente resultan ser un incremento do PEM de 6.699,42 €, que supón un incremento adicional líquido de 7.972,31 € (12,06% do proxecto orixinal), tal e como se resume nas Táboas seguintes:

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE PROYECTO	IMPORTE MODIFICADO Nº1	IMPORTE A MAYORES
01.01	ACONDICIONAMIENTO DE OBRA	7.327,57 €	7.327,57 €	- €

01.02	SISTEMA DE TRACCION	5.805,70 €	5.805,70 €	- €
01.03	MANIOBRA MICONIC MX	8.637,74 €	8.637,74 €	- €
01.04	MANIOBRA ESPECIAL SERVITEL 10™. SERVICIO DE VIGILANCIA	777,50 €	777,50 €	- €
01.05	SCHINDLER TM4 – TELE- MONITORING	691,45 €	691,45 €	- €
01.06	CONTROL DE CARGA ELECTRONICO	1.352,37 €	1.352,37 €	- €
01.07	PUERTAS DE ACCESO EN PISOS	11.290,76 €	11.290,76 €	- €
01.08	PUERTAS DE ACCESO EN CABINA	1.990,93 €	1.990,93 €	- €
01.09	LIMITADOR DE VELOCI- DAD Y CONTRAPESO	3.207,56 €	3.207,56 €	- €
01.10	GUIAS DE CONTRAPESO	3.583,67 €	3.583,67 €	- €
01.11	CADENA DE COMPEN- SACION	303,85 €	303,85 €	- €
01.12	AMORTIGUADORES	1.209,26 €	1.209,26 €	- €
01.14	CABLES DE TRACCION	4.219,74 €	4.219,74 €	- €
01.15	BOTONERA DE CABINA	1.304,37 €	1.304,37 €	- €
01.16	BOTONERAS DE PISO	2.728,89 €	2.728,89 €	- €
01.17	DECORACION DE CABINA	- €	- €	- €
01.18	FOSO Y HUECO	708,18 €	708,18 €	- €
01.19	PINTADO DE SALA DE MAQUINAS	419,88 €	419,88 €	- €

10.01	REFUERZO DE PANELES Y TECHO DE CABINA		3.206,28 €	3.206,28 €
10.02	TRASLADO DE 14 BOTO- NERAS EXTERIORES		1.383,74 €	1.383,74 €
10.03	COLOCACION DE 28 PIE- ZAS EMBELLECEDORAS DE LACOBEL BLANCO		2.109,40 €	2.109,40 €

SUMA EJECUCIÓN MATERIAL		55.559,42 €	62.258,84 €	6.699,42 €
----------------------------	--	-------------	-------------	------------

13% GASTOS GE- NERALES		7.222,72 €	8.093,65 €	870,92 €
---------------------------	--	------------	------------	----------

6% BENEFICIO IN- DUSTRIAL		3.333,56 €	3.735,53 €	401,97 €
------------------------------	--	------------	------------	----------

SUMA SIN IVA		66.115,70 €	74.088,01 €	7.972,31 €
--------------	--	-------------	-------------	------------



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 402/1102

TOTAL IVA (21%)		13.884,30 €	15.558,48 €	1.674,19 €
SUMA CON IVA (21%)		80.000,00 €	89.646,50 €	9.646,49 €
Baja de adjudicación	9,552497%	7.642,00 €	8.563,48 €	921,48 €
PRESUPUESTO TOTAL CONTRATO		72.358,00 €	81.083,02 €	8.725,01 €
				12,06%

En relación ás unidades de obra expostas anteriormente e recollidas no ámbito das modificacións contempladas no apartado 15.b das FEC, indicase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación o prezo do contrato, non supera as limitacións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Contrato, xa que no apartado 15d das FEC, Límites da modificación, sinala que a contía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo de adxudicación do contrato.

Respecto ao incremento do prazo de execución dos traballos, e tal e como se establece no artigo 162 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro), se expón a necesidade dun incremento en 5 semanas do prazo inicial de 12 semanas para a colocación das novas unidades de obra"

En conclusión, as modificacións segundo o 15.d das FEC alcanza un 12,06%.

Décimo.- Polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos emítese informe de supervisión do proxecto de data 1 de xuño de 2018, que consta no expediente, do que procede transcribir o que segue:

ASUNTO: APROBACIÓN DO DOCUMENTO TÉCNICO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO

ANTECEDENTES:

A empresa Schindler, S.A., como adxudicataria do Contrato de Renovación dun ascensor no edificio da casa consistorial do Concello de Vigo co número de Expdte: 3994-440, presenta, documento técnico que recolle os aspectos modificados con respecto a o proxecto que foi aprobado en sesión de Xunta de Goberno Local de data 8/02/2018 dito documento técnico modificado, redactado polo Técnico Facultativo, José Manuel Garabatos Freiría, cun orzamento final de adxudicación máis IVE de OITENTA E UN MIL TRINTA E DOUS euros con DOUS centimos (81.032,02 EUROS) e data 23 de maio do 2018, que tivo entrada por

registro en data 30/05/2018 e con doc 180082798 o que equivale un incremento da obra de OITO MIL SETECENTOS VINTECINCO €uros con UN centimo (8.725,01) €uros, que representa o 12,06 %, sobre do custe inicial

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

As obras do modificado propostas consistene no reforzo de paneles e teito decorado na cabina, modificación na ubicación das botoneras , con sus correspondentes mecanismos y embellecedoras para dar cumprimento a normativa de accesibilidade

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 17 semanas, o que sgnifica un incremento de 5 semanas no que respecto a o prazo provisto no proxecto anterior aprobado. INFORME:

O proxecto inclúe a seguinte documentación:

1. Xustificación técnica da proposta de modificado
2. Planos de instalacións
3. Orzamento
4. Valoración dos traballos
5. Planning de traballos detallados
6. Guía do Inspector SAIS (Correspóndese co control de calidade e supervisión da modernización)
7. Plan de xestión de residuos.
8. Acta de precios contradictorios

Respecto as condicións particulares desta obra, que estan recollidos no proxecto inicial no que indícase que serán de aplicación os pregos de prescricións técnicas particulares e das cláusulas administrativas que rexen no contrato (expdte: 3997/440), e oferta presentada por Schindler.

CONCLUSIÓN:

A documentación técnica do modificado nº 1 cumpre os obxectivos do contrato de redacción e considérase completa, e que o mesmo toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa lexislación vixente e actualmente regulados no artigo 235 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei, este informe segundo polos seus condicionantes técnicos non ten carcter preceptivo.

A súa vez tendo en conta as determinacións que fixa o art 123.2 da ley 3/2011 e art. 233.2 da ley 9/2017, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria, Planos , Orzamento, e para este caso específico informe de dito modificado suscrito pola dirección facultativa das obras.



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 402/1102

II.- Fundamentos xurídicos

Primeiro.- Polo que respecta á lexislación aplicable, en base ao segundo apartado da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior. É dicir polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Segundo.- En canto ás modificacións propostas, a lexislación de contratos establece que os contratos do sector público poderán modificarse sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se advertira expresamente desta posibilidade e se detallara de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que se poderá facer uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar, e o procedemento que haxa de seguirse para iso (artigos 105 a 107 TRLCSP), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

Terceiro.- Tendo en conta o anterior, as modificacións propostas atópanse en principio, tal e como se indica no informe Enxeñeira Técnica Industrial/Responsable do contrato, nos supostos do artigo 106 do TRLCSP e do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato, aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 6 de xullo de 2017, en relación co apartado 15 das FEC do PCAP do contrato, que prevé a posibilidade de modificación do contrato nas circunstancias que seguen:

- Aspectos a modificar: o tipo ou cantidade de elementos do ascensor.
- Circunstancias que determinan a modificación: a existencia dalgunha necesidade ou requisito técnico aconsellable para a mellora da funcionalidade do ascensor, detectada trala realización do proxecto e durante a desmontaxe dos compoñentes do ascensor, polo cal sexa necesario incorporar algún elemento que non estea previsto dentro dos traballos especificados nos apartados 5 (Subministro e instalación dos compoñentes do ascensor) e 6 (Revisión e comprobación de aliñamento das guías de cabina e do bastidor. Modificación e nova decoración de cabina incluíndo botoeiras interiores) da cláusula 2 do PPT.
- Límites da modificación: que esta modificación non leve implícito un incremento do prezo de adxudicación do contrato e cuantitativamente non supoña unha modificación superior ao 20 %, en relación co número de unidades previstas inicialmente.

Cuarto.- No referente ao procedemento a seguir para a modificación do contrato, este atópase regulado con carácter xeral no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e no

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Os tramites a seguir no presente contrato serían:

1. Audiencia ao contratista (artigo 211.1 do TRLCSP).

2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal (artigos 211.2 e Disposición Adicional Segunda do TRLCSP; ademais dos artigos 114.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e 321 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).

Os requisitos específicos para os contratos de obras do artigo 234 do TRLCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado ou executalas directamente.

2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:

- a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
- c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, e dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recabarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 125 do TRLCSP (136.3 do RLCAP).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 (artigo 219 e 234.1 do TRLCSP). Remítirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 29.1 do TRLCSP).

3. Fiscalización da Intervención Municipal (artigos 109 do TRLCSP e 102 do RLCAP; ademais dos artigos 114.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e 321 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 do TRLCSP.

Quinto.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 402/1102

cumprimento das esixencias dos artigos 105 a 107 do TRLCSP así como do apartado 15 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local) de data 3 de maio de 2018.

3º.- Consta audiencia do redactor do proxecto, sen que formulara consideracións ao mesmo como establece no seu informe con data maio de 2018.

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista con data 30 de maio de 2018 sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 1 de xuño de 2018.

7º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación realizada en base ao artigo 106 do TRLCS respecta o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas.

7º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

8º.- Unha vez aprobado o mesmo:

Debe ser formalizado.

Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 99.3 do TRLCS)

Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno)

Sexto.- O PCAP establece na súa cláusula 24 que o prazo de execución poderá ser prorrogado por causa da modificación do contrato, non podendo exceder da metade do prazo inicial.

O proxecto modificado reflicte no apartado "Planning de traballos detallados" a necesidade dunha ampliación do prazo orixinal en 5 SEMANAS para a colocación das novas unidades de obra.

Sétimo.- Una vez informada a presente proposta por pola Asesoría Xurídica e a Intervención Xeral, procederase a elevala para a súa aprobación ao órgano de contratación que, no caso dos municipios de gran poboación é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional Segunda parágrafo 3º do TRLCSP).

ACORDO:

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 do das obras de “Renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo”, con un importe adicional de 6.699,42 € PEM, o que supón un incremento adicional líquido de 8.725,01 €, supoñendo un 12,06 % de modificación sobre o prezo de adxudicación por causas xustificadas contempladas no apartado 15c das FEC, resultando o prezo de contrato trala modificación de 81.083,02 €.

A devandita cantidade foi calculada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

2º.- Autorizar a ampliación do prazo da obra en 5 semanas, sendo o prazo total resultante de 17 semanas.



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 402/1102

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE PROYECTO	IMPORTE MODIFICADO Nº1	IMPORTE A MAYORES
01.01	ACONDICIONAMIENTO DE OBRA	7.327,57 €	7.327,57 €	- €
01.02	REPOSICIÓN DE CABLES DE TRACCIÓN	630,00 €	630,00 €	- €
01.03	MANIOBRA MICONIC MX	8.637,74 €	8.637,74 €	- €
01.04	MANIOBRA ESPECIAL SERVITEL 10™. SERVICIO DE VIGILANCIA	777,50 €	777,50 €	- €
01.05	REPOSICIÓN DE CABLES DE TRACCIÓN	691,45 €	691,45 €	- €
01.06	CONTROL DE CARGA ELECTRONICO	1.352,37 €	1.352,37 €	- €
01.07	PUERTAS DE ACCESO EN PISOS	11.290,76 €	11.290,76 €	- €
01.08	REPOSICIÓN DE CABLES DE TRACCIÓN	1.190,00 €	1.190,00 €	- €
01.09	LIMITADOR DE VELOCIDAD Y CONTRAPESO	3.207,56 €	3.207,56 €	- €
01.10	GUIAS DE CONTRAPESO	3.583,67 €	3.583,67 €	- €
01.11	CADENA DE COMPENSACION	303,85 €	303,85 €	- €
01.12	AMORTIGUADORES	1.209,26 €	1.209,26 €	- €
01.14	CABLES DE TRACCIÓN	4.219,74 €	4.219,74 €	- €
01.15	BOTONERA DE CABINA	1.304,37 €	1.304,37 €	- €
01.16	BOTONERAS DE PISO	2.728,89 €	2.728,89 €	- €
01.17	REPOSICIÓN DE CABLES DE TRACCIÓN	708,18 €	708,18 €	- €
01.18	FOSO Y HUECO	708,18 €	708,18 €	- €
01.19	PINTADO DE SALA DE MAQUINAS	419,88 €	419,88 €	- €
10.01	REFUERZO DE PANELES Y TECHO DE CABINA		3.206,28 €	3.206,28 €
10.02	TRASLADO DE 14 BOTONERAS EXTERIORES		1.383,74 €	1.383,74 €
10.03	REPOSICIÓN DE CABLES DE TRACCIÓN		2.109,40 €	2.109,40 €
SUMA EJECUCIÓN MATERIAL		55.559,42 €	62.258,84 €	6.699,42 €
3% BASTAS GENERALES		7.222,72 €	8.093,65 €	870,92 €
6% BENEFICIO INDUSTRIAL		3.333,56 €	3.735,53 €	401,97 €
SUMA SIN IVA		66.115,70 €	74.088,01 €	7.972,31 €
TOTAL IVA (21%)		13.884,30 €	15.558,48 €	1.674,19 €
SUMA CON IVA (21%)		80.000,00 €	89.646,50 €	9.646,49 €
Baja de adjudicación	9,552497%	7.642,00 €	8.563,48 €	921,48 €
PRESUPUESTO TOTAL CONTRATO		72.358,00 €	81.083,02 €	8.725,01 €
				12,06%